

IMPACTO DA PESCA CON NASA: avaliación e propostas de mellora



Coordinadora para o Estudio dos Mamíferos Mariños CEMMA
R/Ceán Nº 2. 36350 Nigrán (Pontevedra)
Teléfono: 686989008 986366149
cemma@arrakis.es
www.cemma.org




A nasa, unha arte de pesca milenaria

A **nasa** é unha arte de pesca das máis antigas e máis usadas no mundo. Inicialmente consistiu nunha trampa que utilizaba o fluxo das correntes de auga dos ríos para atrapar os peixes, e posteriormente foi utilizada no mar, empregando cebo ou carnada para atraer ás especies obxectivo (crustáceos ou moluscos).

Nun principio, as nasas foron construídas de bimbio ou salgueiro entretecido coa técnica da cestería, permitindo o paso da auga mentres atrapaba á especie obxecto da captura. Posteriormente foron construídas con redes, e seguen a selo, sendo coñecido este tipo como **nasa butrón** (Sañez, 1791).

O termo **nassa** figura no latín clásico, así o referencia Paulo Diácono no século VII (Carrillo, 1999; Bañón, 2008). Seguidamente recóllense diversas definicións sobre a arte de pesca denominada **nasa**, recollidas nos dicionarios galegos (AAVV, 2003).



Nasa: de mimbres, ô de hilo: buitrón. *Bernardo Vicente Payzal (1800c): Vocabulario gallego-castellano (edición de Damián Suárez sobre o ms da RAG).*

Nasa: armadilla para coger truchas; es de juncos, cañas, cintas de madera, especialmente de castaño; es de un tamaño regular y tiene la configuración de dos cubos unidos por la parte centrica por un punto mas estrecho que la boca y menor que el fin o remate; es propia de las gentes de campo que se dedican poco á la pesca y aun suelen tener personas que se entretienen en pescar con ella: *onte á noite levei á nasa e puxena no esteiro mas arriba do cachon. Luís Aguirre del Río (1858): Diccionario del dialecto gallego, ed. de Carme Hermida Guías, CSIC-IPS, 2007.*

Nasa: red redonda y cerrada con un arco en la boca, desde donde se va estrechando hasta el fin para terminar en un mango. Cesto de boca estrecha que llevan los pescadores para echar la pesca. Cesto ó vasija á maneira de tinaja para guardar el pan, harina, etc. *Juan Cuveiro Piñol (1876): Diccionario Gallego, Barcelona.*

Nasa: red redonda en forma de manga. Ceston para guardar el pan. *Marcial Valladares Núñez (1884): Diccionario gallego-castellano, Santiago, Imp. Seminario Conciliar.*

Nasa: red redonda en forma de manga. Cestón para guardar el pan. X. *Filgueira Valverde, L. Tobío Fernandes, A. Magariños Negreira e X. Cordal*

Carús (1926): Vocabulario popular castelán-galego (publicado por entregas en El Pueblo Gallego)

Nasa: red de pesca. Es redonda y cerrada con un aro en la boca. Cesto de forma semejante a un puchero, de boca ancha y cuello estrecho, que se usa para pescar anguilas y otros peces. Especie de cesto de figura tubular, aunque un poco más grueso en el centro y con una boca en forma cónica con la parte más estrecha hacia dentro. Úsase para pescar anguilas. *Leandro Carré Alvarelos (1951): Diccionario galego-castelán, Terceira Edizón, A Coruña, Roel.*


Nasa: jaula de juncos o alambre para pescar. Red redonda y cerrada con un arco en la boca. Cesta de boca estrecha, donde los pescadores de anzuelo echan lo que pescan. Género de moluscos gasterópodos, que comprende especies de todos los mares. *Eladio Rodríguez González (1958-1961): Diccionario enciclopédico gallego-castellano, Galaxia, Vigo.*

Nasa: jaula de juncos o alambre para pescar. Red redonda y cerrada con un arco en la boca. Cesta de boca estrecha, donde los pescadores de anzuelo echan lo que pescan. Género de moluscos gasterópodos. X. L. Franco Grande (1972): Diccionario galego-castelán, 2ª ed., Galaxia, Vigo.

Nasa: red de pesca. Es redonda y cerrada con un aro en la boca. Cesto de forma semejante a un puchero, de boca ancha y cuello estrecho, que se usa para pescar anguilas y otros peces. Especie de cesto de figura tubular, aunque un poco más grueso en el centro y con una boca en forma cónica con la parte más estrecha hacia dentro. Usase para pescar anguilas. *Leandro Carré Alvarelos (1979): Diccionario galego-castelán e Vocabulario castelán -galego, A Coruña, Moret.*

Tamén se recollen referencias ás nasas en escritos específicos sobre a pesca dos séculos XVIII e XIX:

«Son las de nuestra costa de figura de un embudo largo y estrecho, fabricadas de ciertos juncos consistentes y firmes, unidos por medio de un bramante o cordelillo que sirve como de trama, sostenida su armazón por quatro palos, y varios aros o cercos, que van de mayor a menor en los cuales se asegura un gollete llamado faxa, formado de la misma materia, y pasando por este la pesca no puede retroceder, porque sus puntas le impiden la salida, y así para sacarla dexan una portezuela en el fondo de la nasa; échanse estas no solo en las Rías sino en algunos puntos conocidos de la costa, cargadas de piedras para que vayan a fondo», *Cornide (1788).*



«Se declara que de pocos años a esta parte se ha introducido para la pesca un instrumento llamado naza, a manera de una cuarterola, fabricada con mimbres o juncos, el cual se echa al fondo con una piedra de medio quintal, y dentro de la naza la correspondiente carnaza con que se pesca todo género de pescados.....». Paz-Graells (1864), descripción para Pontevedra.

«Las nasas se construyen de materiales diferentes: unas con varas delgadas de mimbres; otras se forman de sacos de red, ahuecados o sostenidos en figura piramidal por círculos formados de vara de árbol flexible y otras finalmente se hacen de junco, que son las más comunes». Sáñez (1791).

“...las del Cantábrico y Galicia se hacen casi siempre de varas delgaditas, porque en aquellas regiones apenas se conoce el junco... y bien puede decirse que todas son de langosta.” (Rodríguez, 1923).

A nasa na pesca histórica

Aínda que a arte pesqueira da nasa debía ser usada xa na época romana, habida conta da presenza de lagosta e lumbrigante na mesa da época (Fernández, 2002), e das referencias de Paulo Diácono (Carrillo, 1999), en Galicia non se recollen mencións ata épocas moi tardías. A presenza da nasa como arte de pesca aparece documentada a partir do século XVI.

En cambio, existen diversos topónimos referidos á propia arte ou á actividade pesqueira relacionada con ela, como é o caso de NASARIO, relativo ao lugar no que se colocan nasas, no sentido de couto de pesca (Carrillo, 1999), ou relacionados con cursos fluviais, como é o caso de O NASEIRO no río Landro, Viveiro. Rexístrase tamén o CABO DA NASA en Corcubión. Topónimos como CANEIROS tamén poden estar relacionados coa actividade pesqueira empregando nasas.

Incialmente debía ser usada a mesma nasa de bimbio que se utilizaba nos ríos para a captura da anguía, e que tiña forma de botella, ánfora ou garrafa. No mar foron utilizadas as de bimbio, de menor tamaño e malla, para a captura do camarón, e as de ferro e madeira para a captura de nécora e camarón.

A primeira pesqueira de importancia que nace no século XX é a de dúas especies de crustáceos: a nécora (*Necora puber*) e o camarón (*Palaemon serratus*), e a súa orixe pode datarse entre 1940-50 aproximadamente. É una pesqueira mixta, ao utilizar ambas especies os mesmos hábitats.



Nos anos 70 comezouse a usar a nasa como arte para a captura de polbo, sendo ata ese momento capturado coa arte de liña-cordel, denominada raña ou rañeira, que consistía nunha liña con engados e anzol. Deste xeito comezouse a utilizar a nasa do camarón e nécora incorporando un portacebo, xa que o polbo era capaz de desmontar o cebo do tarabelo onde se ensartaba tradicionalmente e fuxir. A colocación do cebo nun portacebo formado por una bolsa de rede, permitíalle acceder ao mesmo mais en pequenas cantidades, polo que alonga o período de alimentación e polo tanto, de permanencia do polbo na nasa.



A nasa actual.

O trebello actualmente utilizado nas faenas pesqueiras marítimas para a captura de polbo e nécora, consiste nunha armazón de forma cilíndrica ou troncocónica, de madeira ou metal, recuberta por un pano de rede de fío ou plástica, cunha boca en forma de funil pola que entra o obxecto da captura. Interiormente colócase un cebo para atraer aos depredadores. Neste momento, este é o tipo de nasa máis estendido polo litoral e o máis utilizado.

As nasas deposítase no mar unidas a un cabo nai formando caceas, e cébanse con calquera tipo de carnada. Non está estudado o comportamento do polbo ou das nécoras segundo o tamaño de malla da nasa. A explotación da nécora e o polbo son complementarias, e son capturadas coa mesma arte. Tanto polbo como nécora poden ser devoltos ao mar de seren capturados nas

nasas en épocas que non corresponden ou en tamaños por debaixo do mínimo. Se ben a captura sempre conta con impacto, considérase que a supervivencia é máxima se son ceibados una vez recollidas das nasas.

O uso da nasa está regulado como arte de pesca na normativa que emana da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia e a Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, mediante DECRETO 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, e pola *ORDE do 23 de decembro de 2011 pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o ano 2012*.

Unifícanse as nasas de nécora e camarón, ao ter as mesmas características e empregarse habitualmente para a captura indistinta das dúas especies, e elimínase a nasa portuguesa por entrar en desuso.

Artigo 79º.-Definición.

As nasas son artes pasivas, fixas e de fondo, que están construídas en forma de cestos ou gaiolas, compostas por un armazón ríxido ou semirríxido de diversos materiais, que normalmente está recuberto de rede. Están provistas dunha ou varias aberturas ou bocas de extremos lisos, non punzantes, que permiten a entrada das distintas especies ao interior do habitáculo que forma a arte, atraídas xeralmente polo engado colocado dentro del.

As nasas deberán ter as seguintes características técnicas:

1. As nasas serán largadas ou caladas de forma que constitúan caceas, trens ou tandas, en que cada nasa se empata a unha tralla e esta, pola súa vez, se une ao cabo madre.

2. A lonxitude máxima total das artes de nasa non excederá os 2.500 metros por embarcación, excepto no caso da nasa de peixe, que será como máximo de 3.000 metros.

Artigo 82º.-Capturas incidentais.



Admitiranse as capturas incidentais doutras especies distintas, sempre que sexan de tamaño regulamentario e non estean en veda ou sexan femias de crustáceos ovadas. Neste caso, deberán ser devoltas ao mar inmediatamente despois de capturadas, e a súa retención a bordo constituirá unha infracción.

Artigo 87º.-Réxime de calamento.

1. As nasas para peixes deberán ser levantadas e levadas a porto diariamente.

2. O seu uso só será autorizado en fondos superiores aos 30 metros de profundidade e por fóra dos límites do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

3. A zona de traballo coa nasa para peixe será sempre por fóra das liñas do anexo I. Non obstante, desde cabo Corrubedo ata cabo Silleiro, no período comprendido entre o 1 de abril e o 30 de setembro, calaranse por fóra da liña que une as illas de Sagres, Sálvora, Ons, Onza, Cíes, Agoeiro e Carallóns co cabo Silleiro, ata a liña de base recta establecida no Real decreto 2510/1977, do 5 de agosto, sobre trazado de liñas de base rectas en desenvolvemento da Lei 20/1967, do 8 de abril, sobre extensión das augas xurisdicionais españolas a 12 millas, para efectos de pesca.



4. Poderanse empregar todo o ano, salvo os períodos en que se decrete a veda temporal dalgunha especie ou zona.

Para o marisqueo profesional régulanse as seguintes nasas:

- a) Nasa para nécora e camarón.
- b) Nasa para lagosta e bogavante.
- c) Nasa para centola.
- d) Nasa para polbo.
- e) Nasa para choco.

Artigo 125º.-Características técnicas.

As nasas deberán ter as seguintes características técnicas:



1. As nasas serán largadas ou caladas de forma que constitúan caceas, trens ou tandas, nas cales cada nasa se empata a unha tralla e esta, pola súa vez, se une ao cabo madre.

2. A lonxitude máxima total das artes de nasa non excederá os 2.500 metros por embarcación, excepto, no caso da nasa de polbo, que será como máximo de 5.000 metros.



O conflito do calado das nasas e o plan de explotación do polbo en Pontevedra

Recentemente volveu aflorar o conflito, nos portos e Confrarías de Pontevedra, sobre a proposta de ter que levar diariamente para terra as nasas destinadas á captura do polbo como medida de control dentro do plan de explotación da especie.

Nos Anexos I e II inclúense dúas notas de prensa publicadas ao respecto deste debate.

A medida proposta, que obriga a traer diariamente as nasas para terra ao finalizar a xornada de pesca, estivo vixente durante a pasada década, pero nesta ocasión conta co rexeitamento de tres das quince Confrarías da provincia de Pontevedra, argumentando sentirse discriminadas.

Ata o momento, tan só as embarcacións que faenaban no tramo de costa comprendido entre a zona sur do Con de Agueira (O Grove) e o norte de Cabo Silleiro (Baiona), estaban obrigadas a traer as súas nasas a terra, mentras que a Consellería do Mar autorizaba a aqueles barcos que capturaban polbo fora das augas comprendidas entre estes dous puntos



xeográficos, a deixar as súas nasas no mar. Esta excepción á obriga de ter que recoller a nasas diariamente e traelas para terra establecíase en base motivos de seguridade para os mariñeiros, argumentando a peligrosidade de certas áreas da costa que contan cunha meteoroloxía adversa.

Paralelamente a esta medida, mantíñase en práctica un plan de vixilancia que controlaba o número de nasas, as zonas e os horarios de traballo.

A flota de artes menores traballa principalmente con artes de enmalle e con nasas, destinadas principalmente á captura de nécora e polbo. Tendo en conta que estamos a falar dunha flota moi numerosa, que emprega diferentes artes, que traballa con diferentes horarios e que comparte as mesmas zonas de pesca, non resultará estrano comprender que existan conflitos entre os mariñeiros que faenan con diferentes artes.

Estes conflitos derivaron en protestas realizadas en determinadas Confrarías, que remataron na proposta realizada pola Confraría de Cangas, de que a flota do polbo volvera a levar as súas nasas para terra a diario.

O pasado 1 de maio de 2012 iniciouse a veda do polbo, que este ano tivo unha duración de oito semanas. Finalmente, as Confrarías chegaron a un acordo e optouse por deixar as nasas no mar de luns a vernes, e traelas para terra só durante a fin de semana.

Existen outras cuestións de fondo, como o descenso das capturas, o sobreesforzo pesqueiro, a necesidade de medidas para recuperar o recurso e outras cuestións relacionadas co plan de explotación da especie, que non fan máis que complicar a situación.



En calquera caso, consideramos axeitada a proposta de voltar a retomar a medida que obriga á retirada diaria das nasas para evitar, na medida do posible, impactos non desexados desta pesqueira sobre o ecosistema e as especies mariñas.

Impacto ambiental da arte: as capturas accidentais.

As nasas demostraron ao longo da historia ser unha arte de pesca menos prexudicial que outras, como por exemplo as de enmalle, fundamentalmente pola súa estrutura, por ser máis selectivas, e por capturar vivas ás súas especies obxectivo. Actualmente, a maioría das especies comerciais están sobreexplotadas, e nalgúns foros clámase pola volta ao uso de artes máis selectivas e menos negativas para o medio mariño, como as nasas e as artes de anzol (Bañón, 2008).

A pesar da selectividade nas capturas que presenta a arte da nasa, hai que ter en conta a avaliación dos posibles impactos sobre as especies non obxectivo, e sobre todo, naquelas especies que sofren problemas de conservación

Ao longo dos vinte anos de traballo que leva adicados a CEMMA ao estudo das tartarugas e mamíferos mariños nas augas de Galicia, tense recollido documentación ao respecto da mortalidade por captura accidental nas nasas das seguintes especies:

- Tartaruga de coiro (*Dermochelys coriacea*)
- Quenlla peregrina ou momo (*Cetorhinus maximus*)
- Balea xibarte (*Megaptera novaeangliae*). Ver Anexos III e IV.
- Balea alibranca (*Balaenoptera acutorostrata*)
- Arroaz boto (*Grampus griseus*)



No caso das tartarugas de coiro, rexistrouse a captura accidental nas nasas de un total de 13 exemplares, dos cales 8 puideron ser liberados con vida grazas á actuación dos propios mariñeiros. Isto implica que no caso desta

especie, o 61% dos exemplares que foron capturados accidentalmente nas nasas, puideron ser rescatados e liberados.

Outro rexistro importante e o dun exemplar de balea xibarte que foi localizada con vida en xaneiro de 2008 a unas 5 millas da Torre de Hércules, fronte a costa de A Coruña, enganchada nunha cacea de nasa. O animal levaba varios días coas nasas e os cabos pendurados do seu corpo, quedando atrapada neles fronte a costa de Camariñas. Afortunadamente, grazas á intervención dos mergulladores do GEAS da Garda Civil, a balea puido ser rescatada e liberada con éxito.



O resto dos rexistro de captura accidental dos que temos constancia, nos que se viron implicados exemplares de arroaz boto, balea xibarte, balea alibranca e quenlla peregrina, remataron coa morte dos animais por asfixia ao non poder erguer á superficie a cacea e sair a respirar.

A través de comentarios recollidos aos mariñeiros, tamén se teñen recopilado datos acerca da mortalidade por captura accidental nas nasas de golfinhos e lontras (*Lutra lutra*), mais non temos comprobado estes feitos de xeito directo.

Nestas capturas accidentais de mamíferos e tartarugas mariñas, non é a propia cesta da nasa a que ocasiona a captura, senón os cabos da cacea que unen as nasas ao cabo nai, e tamén os extremos do cabo nai que van amarrados ás boias. É habitual que estes cabos queden en banda, podendo chegar a formar senos que se moven coa



ondaxe do mar, facendo posible a captura destes animais, ao quedar atrapados nos cabos.

No caso das lontras, estes animais poderían verse atraídos ao interior das nasas ben polo cebo ou polas propias presas que quedaran capturadas vivas no seu interior. Deste xeito, os exemplares poderían afogar ao tentar acceder ao interior da nasa polo orificio de entrada e non conseguir zafarse posteriormente.



A maior parte destes animais que foron capturados accidentalmente pertencen a especies que navegan grandes distancias, e non reaccionan, ou non son sensibles ante os elementos que fan contacto cos seus corpos, como as algas e o lixo que se atopa aboiano entre augas, e mesmo nalgún caso poden empregalos como elementos de axuda para desprenderse dos seus parasitos externos, o que provoca que eles mesmos, polas seus propios movementos, se lían aínda máis con estes obxectos, que no caso das caceas de nasas serían os cabos.

Respecto á listaxe que inclúe as especies mariñas que presentan rexistros de captura accidental nas nasas, é importante facer mención da normativa recollida na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas (Real Decreto 139/2011, 2011), que ten por obxecto desenvolver algúns dos contidos dos Capítulos I e II do Título III da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, entre os que se atopan as características e contido das estratexias de conservación de especies do Catálogo, e de loita contra as principais ameazas para a biodiversidade, inclúense ás especies de cetáceos que están presentes nas costas de Galicia e Norte Peninsular, así como nas augas da Zona Económica Exclusiva do Estado Español, contemplando o relativo ás estratexias de conservación de especies ameazadas e de loita contra as principais ameazas para a biodiversidade. Neste documento, inclúe catro especies: a balea xibarte e a balea alibranca na categoría de Vulnerable, e a tartaruga de coiro e o momo sen categoría de ameaza.

O Artigo 5 do Real Decreto 139/2011, 2011, recolle as características da Listaxe e do Catálogo.

1. De acordo co procedemento previsto no artigo 53 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, na Listaxe inclúiranse as especies, subespecies e poboacións merecedoras dunha atención e protección particular en función do seu valor científico, ecolóxico, cultural, singularidade, rareza ou grao de ameaza, así como aquelas que figuran como protexidas nos anexos das directivas e os convenios internacionais ratificados por España. A inclusión de especies, subespecies e poboacións na Listaxe levará a aplicación do contemplado nos artigos 54, 56 e 76 da Lei 42/2007, de 13 de decembro.

2. Dentro da Listaxe créase o Catálogo que inclúe, cando exista información técnica ou científica que así o aconselle, as especies que están ameazadas incluíndoas nalgunhas das seguintes categorías:

a) En perigo de extinción: especie, subespecie ou poboación dunha especie cuxa supervivencia é pouco probable se os factores causales da súa actual situación seguen actuando.

b) Vulnerable: especie, subespecie ou poboación dunha especie que corre o risco de pasar á categoría anterior nun futuro inmediato se os factores adversos que actúan sobre ela non son corrixidos.

A pesar da ausencia de catalogación da categoría de ameaza para a tartaruga de coiro e o momo na lexislación española, hai que ter conta que son consideradas en altas categorías de protección nalgúns estados sensibilizados coa súa protección, e mesmo a nivel muncial, tal e como recolle a Lista vermella da IUCN que contempla á da tartaruga de coiro en perigo crítico (IUCN, 2000) e ao momo como vulnerable (IUCN, 2005).



Conclusión.

Segundo o recollido no informe, a CEMMA apoia a proposta da retirada diaria das nasas destinadas á captura do polbo ao finalizar a xornada de pesca, co obxecto de reducir o esforzo pesqueiro. Deste xeito contribúese a diminuír o tempo que permanecen as nasas sumerxidas no mar, e por tanto, **redúcense tamén os posibles impactos ambientais** que podan chegar a producir no medio mariño, principalmente a **captura accidental de grandes vertebrados mariños**, que resultan vulnerables á interacción con obxectos estáticos presentes no mar.

Os cabos das caceas das nasas son elementos susceptibles de engancharse nos corpos destes animais, podendo atrapalos e chegar a provocarlle a morte por asfixia ou afogamento.

Así mesmo, consideramos imprescindible a posta en marcha de **programas de seguimento da pesqueira da nasa** do polbo e nécora, que permitan investigar se existen zonas de pesca, horarios, épocas do ano, prácticas pesqueiras ou outros posibles factores que sexa necesario regular para reducir os impactos negativos sobre o ecosistema e as especies mariñas.

Todas estas medidas deberán verse acompañadas dun control e seguimento por parte da administración, destinado a **garantir que se cumpla coa lexislación pesqueira vixente**, como medida para garantir a conservación dos recursos naturais pesqueiros e do medio mariño.

Consideramos necesario incidir no **deseño de protocolos** para a liberación de tartarugas e mamíferos mariños que sexan detectados aínda con vida, e atrapados nas caceas das nasas, co obxecto dunha actuación de emerxencia que garanta a supervivencia. A posta en marcha de **programas de educación e sensibilización ambiental** complementarios, dirixidos especificamente ao sector pesqueiro resultan imprescindibles para poder acadar bos resultados nesta liña.



Bibliografía.

- AAVV. 2003. *Diccionario de Diccionarios* edición a cargo de Antón SANTAMARINA.-[versión 3].-A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003.-1 disco CD-ROM + 1 guía, (Biblioteca Filolòxica Galega| Instituto da Lingua Galega). ISBN 84-9752-012-2.
<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>.
- AAVV. 2004. La pesca del pulpo común con nasas en la costa gallega, 1999-2006. Xunta de Galicia. Los recursos marinos, Octopus vulgaris, de Galicia. Serie Técnica N°6.
- AAVV. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Instituto da Lingua Galega
- Arnáiz Ibarro, R. (dir.) (2007) La pesca de pulpo común con nasas en la costa gallega 1999-2004. Los recursos marinos de Galicia, Serie Técnica No 6, Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- Bañón, R. 2008. La pesca con nasas en Galicia: una visión histórica. *Anuario Brigantino 2008, no 31: 493-504*.
- Carrillo, F. 1999. La actividad pesquera en la Galicia de los ss. IX-XIII, a través de la diplomática medieval y la toponimia actual. *Anuario Brigantino 1999, no 22*
- Cornide, J. Ensayo de una historia de los peces y otras producciones marinas de la costa de Galicia. Edición facsímil, estudio preliminar por V. Paz-Andrade. Edición do Castro, (1788),1983, 263 pp.
- Fernández Pérez, J., 2002. CONSIDERACIONES SOBRE LA PESCA ROMANA EN HISPANIA, en Fernández Pérez, J. 2002. ingeniería romana en España : Museo Arqueológico Nacional, Madrid, marzo-julio de 2002, 2002, ISBN 84-369-3567-5 , págs. 331-352
- Sáñez Reguart, A. Diccionario histórico de los artes de la pesca nacional. Tomo I. Madrid, 4 vol.Reedición preparada por J.C. Arbex, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. (1791), 1988, 1, 402



Anexo I

Nota de prensa publicada en La Voz de Galicia o mércores 2 de maio de 2012.

La Voz de Galicia.es

ECONOMÍA

Pontevedra busca o consenso sobre o calado das nasas do polbo

MARCOS GAGO

pontevedra / a voz 02 de maio de 2012 05:00

As 27 confrarías de pescadores de Pontevedra, agrupadas na súa federación provincial, iniciaron a rolda de contactos e reunións para resolver o conflito do calado das nasas do polbo que as enfrenta. O inicio onte da veda bimestral do cefalópodo é o prazo que o sector se deu no inverno para poder pactar un sistema de calado que poña fin á dura división de pareceres que existe neste organismo.

Segundo algunhas fontes do sector, mantéñense os dous puntos de vista que xa provocaron o choque de hai uns meses. Mentres unhas confrarías queren que se retiren as nasas do mar cada xornada laboral, outras apostan por que se poidan calar con algúns condicionantes, seguindo o acordo temporal de inverno.

Reunión en Arcade

O presidente da federación provincial e patrón maior de Portonovo, José Antonio Gómez Castro, mostrouse cauto á hora de valorar a evolución das conversacións. Sinalou que hai uns días xa se reuniron para unha primeira toma de contacto en Arcade, e que estes encontros continuarán ao longo da veda para alcanzar un consenso.

Gómez Castro é consciente de que se os depósitos non logran unha postura común, o sistema de calado das nasas do polbo decidirao a Xunta. E ningún dos afectados desexa unha imposición que non contentaría a ninguén.

Aínda que se mostrou moi reticente a desvelar o contido da reunión de Arcade, Gómez Castro admitiu que o sentir maioritario é que as nasas non queden caladas no mar, pero tamén sinalou que se están analizando fórmulas que poidan evitar rozamentos entre depósitos e, dentro de cada confraría, entre segmentos de flota. «A tendencia maioritaria é a traer as nasas a terra todos vos días, pero hai que afinar mellor buscando unha solución que contente a todos». A resolución do conflito irase desvelando este mes.

Anexo II

Reportaxe publicado na revista Mar, nº 514, abril 2012, páxinas 12-19.



El plan anual del PULPO EN GALICIA, causa del cisma en las cofradías

La veda del pulpo proporcionará a los representantes de las cofradías de Pontevedra el tiempo necesario para resolver la división causada por la obligación de llevar diariamente las nasas a puerto. La medida, vigente durante la pasada década y recuperada para el presente plan de gestión de la pesquería, pretendía reducir la tensión en los puertos entre las flotas de artes menores; sin embargo, ha contado con el rechazo de tres de las quince cofradías pontevedresas que cuentan con permex para capturar el cefalópodo al sentirse discriminadas reabriendo heridas sin cicatrizar. Tras un acuerdo transitorio, parece que sea el momento de mostrar si el sector tiene capacidad de consensuar un plan de explotación de futuro que reduzca la tensión entre artes o, por el contrario, acatar lo que establezca la Consellería.






La caída del volumen de capturas de pulpo en Galicia, debida—según los expertos— a diversos factores entre los que están la sobreexplotación del recurso y la fluctuación relacionada con factores climáticos, ha llevado al sector a pedir, desde 2001, a Pesca que aplique medidas de autorregulación tales como paros biológicos (retribuidos), vedas (no retribuidas) en los meses de verano cuando el recurso es más escaso, o el aumento de la talla mínima de comercialización (2007).

Además, las cerca de 1.400 embarcaciones que cuenta con licencia para capturar el cefalópodo, han puesto en práctica distintas alternativas de gestión articuladas entre Pesca y los dirigentes de las cofradías. Entre estas herramientas de regulación está el plan de explotación del pulpo, que en su edición para 2012 ha creado división entre las cofradías de Pontevedra a causa principalmente del cambio en el régimen de calado de las nasas.

El plan, aprobado por la Consellería do Mar tras consultar con la Federación de Cofradías de Pontevedra, pretende impulsar la recuperación de la pesquería y dejar espacio para otros aparejos en unas zonas de las rías de gran riqueza biológica; pero también significa un cambio en la forma de trabajo, al obligar—como ya se aplicaba tradicionalmente en las rías de Pontevedra y Vigo— a traer las nasas a puerto al finalizar la jornada laboral. Esta obligación ha creado un cisma ya que no se aplica a toda la provincia sino sólo a las embarcaciones que faenan entre el sur de Con de Agueira (O Grove) y el norte de Cabo Silleiro, pues Mar autoriza a las embarcaciones gallegas que capturan el cefalópodo fuera de las aguas comprendidas entre estos dos puntos geográficos a que sus nasas de pulpo permanezcan caladas en el mar.

